


Información Comedor

O pasado 22 de marzo houbo unha reunión organizada pola Federación de ANPAS de A Coruña (FEDAPA), relativa á xestión dos Comedores. A continuación descríbense os principais puntos tratados:

- ✓ A FEDAPA mantén o contrato con EUREST-SCOLAREST. As ANPA que así o desexen poderán adherirse a este contrato ou non.
- ✓ Mantéñense os prezos ofertados no curso pasado e está en estudo aplicar algún tipo de desconto.
- ✓ Proxecto educativo do comedor:
 - Os monitores educarán en hábitos de hixiene, comportamento e alimentación (comer de todo).
 - Prefírese que no tempo libre de comedor non haxa actividades regradas, mellor tempo de lecer baixo supervisión.
- ✓ Establecemento dun horario de atención aos pais por parte do responsable do comedor (2 horas semanais).
- ✓ Posibilidade de solicitar dietas especiais permanentes (por alerxias intolerancias...) ou temporais (dieta branda...)
- ✓ As directivas das ANPAS poden establecer prazos para a recollida dos cheques.
- ✓ Nos colexios, a diferenza das gardería, non se establece que os nenos pequenos poidan durmir a sesta.
- ✓ Despois de Semana Santa, data sen determinar, entregaranse as axudas por comedor outorgadas pola Xunta de Galicia.



POSIBLE FUSIÓN ANPA – ADC

As directivas da ANPA Brigantium e da ADC Vales Villamarín, están mantendo contactos para levar a cabo unha unificación, que garanta o futuro das mesmas e das actividades que levan a cabo. Nin que dicir ten que calquera decisión sobre este tema terá que ter o visto bo dos socios de ambas asociacións, vía asemblea extraordinaria.

Chegamos xusto a onde ninguén quería



As preinscricións de matrícula para o curso 2011-2012, superan de novo a capacidade do CEIP Fco. Vales Villamarín.

Este xa masificado colexio terá que incorporar 30 alumnos máis o curso que vén, se a Consellería de Educación da Xunta de Galicia non pon remedio a semellante barbaridade.

Pasaremos de 904 a 934 alumnos o que ademais supón a perda das poucas aulas existentes para materias específicas. Eliminarase 1 aula de inglés, 1 aula de PT e incluso haberá que habilitar un almacén, xa que son tres as novas aulas que se precisarán. Fálase incluso de poñer barracóns, de carácter temporal, para impartir as materias, mentres non está feito o novo colexio de infantil.

MARCADOR CESION TERREOS

ANOS	MESES
4	1

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.

Pero é que ademais, nin a Xunta de Galicia, nin os responsables políticos desta situación son capaces de adoptar medidas que minimicen este problema. Así, por exemplo, este colexio conta cun so administrativo cando tiña que dispor de 3 (1 administrativo cada 400 alumnos); non dispón dos

profesores suficientes en atención educativa a pesar de estar perfectamente documentada a súa necesidade; nin sequera dispón do número de titores suficientes, tendo que facerse cargo desta tarefa o mesmo director do CEIP.

Mención aparte merece o Plan de Autoprotección. Xa denunciámos repetidas veces que o edificio do colexio non sería capaz de evacuar semellante cantidade de nenos en caso dun incendio ou emerxencia similar.

Hai xa 8 anos que dende a ANPA e as diferentes Direccións do Colexio vense denunciando a masificación do CEIP Fco. Vales Villamarín.

Ao longo destes meses de campaña electoral, oiremos repetidas veces que *“A educación é o máis importante dunha sociedade”*, se isto é así, que están a facer o verdadeiros responsables desta situación?, ou tal vez habería que facerse a seguinte pregunta: **teñen os políticos de Betanzos o peso que lles corresponde diante da Xunta de Galicia?**

Consello Escolar (05-04-2011)

O pasado 5 de abril, celebrouse un consello escolar extraordinario cunha única orde do día:


“Elección de representantes do consello escolar para a comisión de selección e nomeamento do novo director/a”.

Esta comisión, que ten que estar constituída por lei, será a encargada de avaliar os proxectos de aqueles mestres que presenten a súa candidatura á dirección do centro.


Haberá que esperar ata o 14 de abril para confirmar a presentación das candidaturas, pero a día de hoxe, nin a actual dirección do centro, nin nós, como ANPA, coñecemos a ningunha persoa que queira facerse cargo da dirección e xestión deste colexio, a vida conta da situación de extremo de deixamento na que se encontra por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Resultado Enquisa ADC

Opinión dos socios/as (2010-2011)




Percepción dos socios/as (2010-2011)



A limpeza foi a punto peor valorado o curso pasado. Este ano conseguimos reducir esta percepción negativa, grazas á implicación do Concello neste tema.

Como valoras a limpeza das instalacións?



RECOLLIDA DE LIBROS

en colaboración coa
Cruz Vermella



Dende a ANPA vaise por en marcha, o vindeiro mes de xuño, unha campaña de recollida de libros de texto que serán despois distribuídos pola Cruz Vermella entre as familias mais desfavorecidas do Concello.

Así que se non sabes que facer cos libros de texto cando remate o curso e non tes a quen prestarllos, gárdalos, a finais de xuño abriremos un período de tempo para que sexan depositados no colexio e así logo poder entregarllos todos xuntos á Cruz Vermella.

Grazas de antemán pola vosa colaboración

Este mes sumáronse á iniciativa de facer descontos aos socios da ANPA os seguintes comercios:



O único requisito para acceder ao desconto é identificarse a través do carné de socio
(Consulta os descontos ofertados no blog da ANPA)



Confírmense as previsións. A preinscrición de matrícula para o curso 2011-2012 supera en 30, as prazas dispoñibles.

Todo indica que a Consellería intentará matricular a todos os nenos no CEIP Fco. Vales Villamarín

ANPA Brigantium

Búscanos na rede

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: anpabrigantium

aínda que non sexas socio/a, animate a consultarnos
anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN